

## INSCRICIÓN CABALGATA DE REIS 2024

A inscrición para participar na Cabalgata de Reis 2024 realizarase dende o martes 19 de decembro de 2023 ata o xoves 28 de decembro de 2023, ámbolos días incluídos. A Cabalgata dos Reis Magos terá lugar en Silleda o día 5 de xaneiro de 2024.

A inscrición das persoas participantes efectuarase de xeito presencial no Rexistro xeral do Concello de Silleda ou de forma electrónica a través da páxina web [www.silleda.es](http://www.silleda.es) (Sede electrónica - Instancia xeral) e deberá de acompañar o modelo de inscrición (Anexo I) debidamente cumprimentado e asinado.

A inscrición e selección das persoas participantes realizarase conforme ás seguintes normas:

- Poderá participar na cabalgata a rapazada con idades comprendidas entre os 6 e os 10 anos na data de celebración do evento.
- As prazas para participar na cabalgata son limitadas. No caso de superar as prazas dispoñibles, farase un sorteo público entre todas as solicitudes recibidas no devandito prazo. No suposto de que se efectúe un sorteo, terán prioridade as persoas participantes empadroadas no Concello de Silleda.
- As persoas participantes ocuparán as carrozas de xeito aleatorio tras a realización dun sorteo que determinará a carroza que lle corresponda a cada persoa.

Normas de participación da cabalgata:

- As persoas participantes no evento deberán seguir, en todo momento, as indicacións do persoal disposto pola organización, co fin de garantir un percorrido tranquilo e sen incidencias.
- As persoas participantes deberán ir sentadas durante todo o percorrido da cabalgata, atendendo ás indicacións do persoal disposto pola organización.
- O vestiario e a caracterización das persoas participantes correrá a cargo do Concello de Silleda, sendo adecuado á carroza na que participe.
- O Concello de Silleda contactará coas familias para transmitir toda a información relativa aos horarios, espazos, percorrido da cabalgata, entre outras cuestións.
- Recoméndase ás persoas participantes levar guantes e roupa de abrigo, preferiblemente de cor negra.
- A organización non se fai responsable dos obxectos perdidos, pregamos que a rapazada non leven ningún obxecto de valor.

- Durante o percorrido, o lanzamento de caramelos realizarase seguindo as instrucións do persoal disposto pola organización.
- Solicitamos ás familias a non retirada dos nenos e nenas das carrozas durante o percorrido, salvo causas de forza maior. Calquera baixada non xustificada, solicitada polas familias, implicará que non poida volver a subir. A baixada da carroza será sempre baixo a supervisión do persoal disposto pola organización.
- O persoal disposto pola organización ocuparase de por os disfraces ás persoas participantes.
- As persoas participantes non poderán subir á carroza, mentres non lle sexa indicado polo persoal disposto pola organización.
- Ao finalizar o percorrido, o pai, nai, titor ou titora legal deberá facerse cargo da persoa participante tras a baixada do escenario principal instalado para a recepción dos Reis Magos no Pavillón César González Fares. A hora de recollida dependerá da duración da cabalgata, por este motivo, as persoas responsables dos nenos e nenas deberán de estar pendentes do transcurso da cabalgata para estar no lugar de recollida na hora precisa.

## ANEXO I: MODELO DE INSCRIPCIÓN

### 1. DATOS DO PAI, NAI, TITOR OU TITORA LEGAL

<b>NOME E APELIDOS</b>		<b>DNI</b>
<b>NÚMERO DE TELÉFONO</b>	<b>CORREO ELECTRÓNICO</b>	

### 2. DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE NA CABALGATA

<b>NOME</b>	<b>APELIDOS</b>	<b>IDADE</b>	<b>DATA DE NACEMENTO</b>

**A PERSOA ASINANTE DECLARA QUE TÓDOLOS DATOS CONTIDOS NESTA SOLICITUDE SON CERTOS, E QUE ACEPTA AS CONDICIÓNIS DE PARTICIPACIÓN INDICADAS.**

Coa sinatura deste documento autorizo a que o meu fillo ou filla participe na Cabalgata de Reis 2024 do Concello de Silleda e comprométome a cumprir coas normas de participación indicadas. Así mesmo, autorizo e cedo ao Concello de Silleda o uso e titularidade de cantos dereitos de imaxe puideran derivarse da participación destes na actividade, obrigándose este Concello ao tratamento responsable de ditas imaxes para finalidades non lucrativas e, en todo caso, respectuosas cos dereitos da infancia e xuventude.

Silleda, a ..... de decembro de 2023

(Sinatura do pai, nai, titor ou titora legal)